# Anuncio

Departamento de persoal

**Publicación listaxe definitiva aspirantes admitidos e excluídos no procedemento peóns brigada**

## Información:

EXP: 2026/E001/000009

ANUNCIO

APROBACIÓN DA LISTAXE definitiva DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO
PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN de tres peóns DE BRIGADA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E
DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026.

EXPTE.: 2026/E001/000009

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 12 DE XUÑO DE 2026.

Para xeral coñecemento faise público o Decreto da Alcaldía de data 12 de xuño de 2026, mediante o cal se acorda aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección de tres peóns de brigada, decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR
NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE 3 PEÓNS DE BRIGADA AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO
MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE CAMARIÑAS, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E
DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026.

EXPEDIENTE CONVOCATORIA: 2026/E001/000009

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 469/2026 de data 13/05/2026 se aprobaron a bases que rexen a convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de tres peóns de brigada ao abeiro do convenio entre a consellería do medio rural e a entidade local, Concello de Camariñas, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais

durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

Visto que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 91 do 18/05/2026 e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Visto que en data 2 de xuño de 2026, mediante Decreto 551/2026, foi aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas, concedendo aos interesados un prazo de 3 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos.

Visto que finalizado o antedito prazo non foron presentadas subsanacións ou alegacións de omisión á lista provisional, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nas Bases 5ª e 6ª da convocatoria, e tendo en conta as facultades atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

ACORDO:

Primeiro.- Proceder á designación nominal dos membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo, titulares e suplentes, que serán os seguintes:

-----

-- PRESIDENTE

-- Titular

-- Dª Francisco José Puga Bestilleiro, Técnico Deportivo do Concello de Camariñas

-----

--

-- Suplente

-- Dª María Emilia García Maneiro, Interventora do Concello de Camariñas

-----

-- VOGAIS

-- Titular

-- Dª Gema Leal Insua, Tesoureira do Concello de Camariñas

-----

--

-- Suplente

-- Dª Margarita Seijas Carballal, Orientadora Laboral do Concello de Camariñas

-----

--

-- Titular

-- Dª Alianza Trillo Cabrejo, Educadora Familiar do Concello de Camariñas

-----

--

-- Suplente

-- Dª Junquera Vázquez Casal, Psicóloga Departamento Servizos Sociais do Concello de Camariñas

-----

--

-- Titular

-- Dª Mª Asunción Méndez Vilalta, Arquitecta Municipal do Concello de Camariñas

-----

--

-- Suplente

-- Dª Mª José Pasantes Alborés, Educadora de Adultos do Concello de Camariñas

-----

-- SECRETARIA

-- Titular

-- Dª Alicia Queiro Pérez, Técnica Económico Financeira do Concello de Camariñas

-----

--

-- Suplente

-- Dª Eva Jardón López, Secretaria do Concello de Camariñas

-----

Segundo.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de tres peóns de brigada ao abeiro do

convenio entre a consellería do medio rural e a entidade local, Concello de Camariñas, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026,

Admitidos definitivamente:

-----

-- NÚM.

-- APELIDOS E NOME

-- DNI

-- CELGA 1

-----

-- 1

-- BRIÓN GARCÍA, MANUEL ÁNGEL

-- ***1632**

-- SI

-----

-- 2

-- LUACES CASTRO, DANIEL

-- ***1541**

-- SI

-----

-- 3

-- POZA CRESPÍ, GONZALO

-- ***1408**

-- SI

-----

-- 4

-- TRIÑANES ÁLVAREZ, BRANDON

-- ***2166**

-- NON

-----

-- 5

-- BERMÚDEZ CARRIL, ROBERTO

-- ***2630**

-- SI

-----

-- 6

-- BLANCO MARÍA, ALEXIS

-- ***0291**

-- NON

-----

-- 7

-- BLANCO MARTÍNEZ, ISMAEL

-- ***1723**

-- NON

-----

-- 8

-- IGLESIAS CAAMAÑO, ROBERTO

-- ***0392**

-- SI

-----

-- 9

-- PASANTES CANOSA, RAMÓN

-- ***2114**

-- NON

-----

-- 10

-- CASTRO CURES, IKER

-- ***5355**

-- SI

-----

-- 11

-- MARTÍNEZ BLANCO, PABLO

-- ***9855**

-- SI

-----

-- 12

-- MAIGLER GARCÍA, ALBERTO

-- ***8997***

-- NON

-----

-- 13

-- TAJES MOUZO, ESTEFANÍA

-- ***5554**

-- SI

-----

-- 14

-- CANOSA LISTA, NATALIA

-- ***1286**

-- SI

-----

-- 15

-- CARRIL ROMERO, MARINA

-- ***0477**

-- SI

-----

-- 16

-- FERNÁNDEZ GÓMEZ, VIOLETA

-- ***2680**

-- SI

-----

-- 17

-- SOUTO REGO, DAVID

-- ***1145**

-- SI

-----

Excluídos definitivamente:

-----

-- NÚM.

-- APELIDOS E NOME

-- DNI

-- MOTIVO EXCLUSIÓN

-----

-- 1

-- ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR PUGNAIRE, GONZALO

-- ***5368**

-- 1-2

-----

Motivos da exclusión:

* Non presentar copia DNI (Base 4ª.2).
* Non presentar Anexo III das bases.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

Terceiro.- Que o Tribunal cualificador se reúna para a súa constitución e para realización da 1ª proba da oposición (proba de esforzo físico) o día 17 de xuño de 2025, ás 9:30 horas, na Clínica Carballo en Rúa Tarragona – esquina Paseo Fluvial Baixo - Carballo, e as restantes probas (proba práctia e coñecemento do idioma galego, no seu caso) o día 18 de xuño de 2026, ás 12:00 horas, na Área Recreativa do Ariño - Xaviña.

Cuarto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo día 17 de xuño de 2026, ás 9:30 horas, Clínica Carballo na rúa Tarragona, s/n, Esq. Paseo Fluvial. 15100 - Carballo, para a realización da 1ª proba da oposición prevista na base 7ª da convocatoria, proba física de esforzo físico.

Convocar aos aspirantes que superen a primeira proba para o próximo día 18 de xuño de 2026, ás 12:00 horas, na Área Recreativa do Ariño - Xaviña, para a realización da 2ª proba da oposición prevista na base 7ª da convocatoria, proba práctica.

Convocar aos aspirantes que superen a segunda proba para o próximo día 18 de xuño de 2026, ás 13:30 horas, no Salón de Pleno do Concello de Camariñas, Praza de Insuela, 57 - Camariñas, para a realización, no seu caso, da 3ª proba da oposición prevista na base 7ª da convocatoria, coñecemento do idioma galego.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificados que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética, comezando pola letra “M”, conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2026 (DOG nº 16 do 26 de xaneiro de 2026). Ao remate de cada proba o tribunal comunicará a vivavoz o resultado da mesma e se

superaron ou non a proba.

Quinto.- Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a título meramente informativo, na Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Sexto.- Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa en funcións Dª Sandra Insua Rial.